

O CASINO



Limiar

Volvemos estar xuntos, e despois daquel ¡¡¡Benvida páxina web!!! Agora temos que decir Benvida a posta en marcha da páxina web de Couso. Xa temos en marcha todo para que en pouco tempo publicar a nosa nova páxina web, onde podemos traballar de forma moi dinámica e con pequenas aportacións, como xa sabedes nestes días estanse enviando desde facebook solicitudes de amizade para darnos a coñecer e así empezar a traballar. Todo aquel que queira que se lle active a súa conta de correo co dominio cousodegulans.es que se poña en contacto con Caty que verán que con sinxelos pasos a activamos e damos a coñecernos de forma máis maioritaria.

Todos xuntos faremos que Couso en pouco tempo sexa coñecida nas distintas redes sociais.

Agradecer de forma especial ós colaboradores na realización deste casino, pois como podedes ver tivemos o maior número de participantes nos 29


casinos que levamos feito, **GRAZAS A TODOS/AS.**

Neste exemplar:

- | | |
|-----------|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación Semestral |
| 4 | Un mundo mellor grazas as misións (por Victor Bargiela) |
| 5 | Receitas: nécoras recheas, xabalí con castañas e orellas (por Iván Bargiela) |
| 6 | Leccións de vida(por Pablo Carballido) |
| 7 | O apalpador (por Montse Groba |
| 8 | Conto : a noite de Samaín (por Lucía e Beza) |
| 9 | Día da paz (por Caty) |
| 10 | Día da muller traballadora (por Caty) |
| 11 | Día das letras galegas (por Caty) |
| 12 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

1º SEMESTRE 2014

Asamblea ordinaria anual	Sábado, 11 de xaneiro ás 16:00h Cambio de directiva (deixan o cargo de vocais Belén e Olga e entran nesas postos Victoria e Caty)
Sementeira do centeo 	Sábado, 25 de xaneiro ás 16:30h
Entroido: en Couso e en Guláns 	Xa concretaremos datas e hora
Día da muller traballadora 	8 de marzo
Andaina Roteiro dos muiños 	No centro cultural de xinzo o 15 de marzo vaise facer un foro forestar que se ven celebrando xa hai uns anos. Este ano os asistentes pola mañán teñen previsto facer o roteiro dos muiños dando comezo a as 10:00h. pretenden visitar os muiños, coñecer o seu funcionamento, así como coñecer as actividades que desenvolvemos no barrio e outras cousas de interese.

Festa do pote**22 de marzo**

Este ano participan outras asociacións culturais do concello de Ponteareas. Está previsto que participen as asociacións de Paredes, Fontenla, Padróns, Areas, San Mateo, Angoares e Couso coa posibilidade de que se unan outras máis.

Ademais este día tense previsto encender lume a un forno de carbón que estará preparado para a ocasión. A intención é facer unha réplica de aqueles fornos de cabón que facían os nosos antepasados, que eran carboeiros e que gañaban a vida deste xeito.

Apertura dos muiños

O primeiro fin de semana de abril
procederáse a apertura dos muiños. Para todo aquel que esté interesado en visitalos.

**Excursión ós muiños de
Couso os nenos/as do Colexio
Feliciano Barrera**

Neste semestre os nenos de infantil farán unha excursión os nosos muiños para coñecer o seu funcionamento. Posteriormente farán os preparativos necesarios para cocer o pan no forno da cultural.

San Xoán

Día e hora por concretar.

UN MUNDO MELLOR GRAZAS ÁS MISIÓN

Aproveito estas liñas que me ofreceron, para facer un sentido homenaxe a José Manuel Bernárdez Gándara, cura misionero da nosa diocese falecido estes días en Zambia. Quixera aproveitar para lembrar con tristura máis tamén con agradecemento a este cura nado en Alxén, que tanto ben sementou polo mundo adiante, especialmente en Zambia. Os seus proxectos foron para moitos de nós un acicate, para traballar pola igualdade social, Dende aquí, o máis sentido recoñecemento a súa labor incansable en prol da loita social entre todas as persoas.

Quere ser este pequeno escrito un agradecemento a EL, e as misións que tanto ben fan a Igrexa e sobre todo o mundo. Un mundo, que moitas veces se manifesta como inxusto, pero que co traballo humilde de moitos misioneros vai avanzando, aínda que a pasos pequenos cara a xustiza social, onde vivamos como irmáns e non como inimigos.

O mundo da misión no que se embarcaron moitos misioneros como Gándara, é un reto; reto pola evanxelización e reto tamén porque dende a evanxelización se busca crecer

na promoción do ser humano, buscase traballar para que se recoñeza a dignidade de todas as persoas, traballase para que a igualdade sexa real, tamén a de oportunidades.

No fondo, falar da misión é falar de como o Reino de Deus se vai construindo, é descubrir que estamos chamados a desenvolverlo na sociedade. O reto do cristián é anunciar o Reino non con palabras, senón con feitos. Os feitos son os que falan de Deus e de como El se encarna na sociedade. Grazas ás misións cada vez existe menos poboación analfabeta, cada vez existen menos lugares sen auga potable, cada vez existen máis escolas, hospitais, as mulleres van promocionándose na sociedade. Falar de misión e de misionero é falar de Deus.

Iso é o que foi Gándara un promotor real da sociedade dende o evanxeo e non dende as palabras moitas veces valeiras de contido que se dictan dende o estar ben acomodados despreocupándonos dos demais. Que esta reflexión sirva, para ser agradecidos ao mundo da misión e a todos os misioneros que como Gándara deixan a súa terra, a súa cultura, para levar o evanxeo e a xustiza polos recunchos do mundo.

Victor Bargiela

RECEITAS GALEGAS

Vamos dar un pequeno paseo pola nosa gastronomía con tres receitas:

NÉCORAS RECHEAS (para o día dos namorados):**- Ingredientes:**

8 nécoras

1 cebola

½ tomate

1 copíña de viño xerez

Pimentón

2 culleres de fariña

(añadir máis se fixese falta)

Aceite de oliva

Sal e laurel.

- Elaboración:

Metense as nécoras en auga fervendo con sal e laurel durante uns 8 min., despois deixar templar as nécoras e limpar toda a carne e conservar a cuncha para emplatar. Por unha sartén

con aceite, añadir cebola moi picadiña e pochar a fogo lento, añadir unha pizca de tomate exprimídao coa man, o xerez e tamén a carne das nécoras. Probar o punto de sal, e espolvorear pimentón e deixalo 1min. fogo.

Por outra banda facer unha bechamel con unha base de aceite, fariña, caldo de cocción das nécoras, leite e ir removendo. Cando esté añadir o preparado anterior e metelo a gratinar o forno.

XABALÍ CON CASTAÑAS (polo tempo da caza)**- Ingredientes:**

1 ½ Xabalí (a trozos)

¼ de castañas

viño branco

viño tinto

2 lonchas de touciño

3-4 dentes de allo

4 zanouras

2 cebolasrande

2 ramas de apio

2 porros

tomillo-peregil.

- Elaboración:

Limpiase e cortanse as verduras e cortanse en trozos grandes mezclase co xabalí nun recipiente. Deixase macerar durante 4 días dándolle voltas cada 4 ou 5 horas se fai falta añadir máis viño blanco.

Despois escurrese a carne e dorase a fogo lento nunha tarteira xunto coas dúas lonchas de touciño. Unha vez dorada añadese o viño tinto e deixase cocer durante unha hora e tres cuartos. Pasada a un cuarto máis añadenselle as castañas peladas e deixanse cocer media hora (que non se desfagan).

Se se quere facer unha salsa trituranse as verduras do adobo e añadenselle a cocción ou a presentación.

ORELLAS (polo carnaval)

- Ingredientes:

1 kg de fariña

5 unid. Ovos

250 g. manteca de vaca.

1 copa de anís

Pizca de sal

c/s aceite de freir.

- Elaboración.

Amasar todo e deixar reposar, tapado con un paño ou papel film durante media hora.

Cortar porcións de masa. Estirar co rodillo o máis fino posible.

Freír en abundante aceite quente, escurrir e espolvorear azucar glass (ou calquera segundo os gustos).

Iván Bargiela

Leccións de vida

O outro día lendo a revista dixital “ Mi bebe y yo.com (coa chegada de María ao mundo houbo que poñerse de novo ao día no cuidado, preparativos, etc.. para que os seus primeiros meses de vida esten cheos de felicidade) encontrei un estrato dunha entrevista que nunha ocasión lle fixeron o Dalai Lama (lider espiritual do budismo tibetano), gustoume, e por iso quixen compartila convosco a través do casino.

Naquela o periodista que o entrevistou preguntoulle

- ¿Que é o que mais lle sorprende da humanidade?

Ao que o Dalai Lama lle respondeu

- Que se aburren de ser nenos e queren crecer rápido para despois desexar ser nenos outra vez, que desperdician a saúde para facer diñeiro e logo perden o diñeiro para recuperar a saúde, que ansían o futuro e se esquecen do presente e así, non viven nin o presente nin o futuro, que viven como si nunca fosen a morrer e morren como si nunca viviran ...

O periodista quedouse uns segundos en silencio e, a continuación volveulle a preguntar

- Pero ¿enton cales son as leccións de vida que debemos aprender?


Cun sorriso, o Dalai Lama respondeu:

- Que non se pode facer que nadie os ame, sinon deixarse amar, que o máis valioso na vida non é o que temos sinon a quen temos, que unha persoa rica non é quen ten máis, sinon quen necesita menos, e que o diñeiro pode comprar todo menos a felicidade... Que o físico atrae pero a **personalidade enamora**,

que quen non valora o que ten algún día se lamentará de habelo perdido e que quen fai mal algún día recibirá o seu merecido. Si queres ser feliz, fai feliz a alguen. Si queres recibir, da un pouco de ti, **rodéate de boas persoas e sen unha delas**. Nunca arruines o teu presente por un pasado que non ten futuro. Unha persoa forte sabe como manter en orden a súa vida. Aínda con lagrimas nos ollos, arreglase para decir con un sorriso: “ **Estou ben**”

Pablo Carballido Carballido

O APALPADOR



Vive na memoria dos habitantes máis anciáns do Courel e Os Ancares, terras da montaña luguesa onde Ánxel Fole situou os seus máxicos contos de lobos, meigas, trasnos e aparecidos que se recollen Á lus do candil (á luz do candil).

Os máis vellos do lugar recórdano polo que os seus/ as súas maiores lles contaron e descríbeno como un vello apracible, barbado e grandote, que fuma en pipa, leva boina e viste chambrá colorida e pantalóns con remendos.

Contan tamén que a noite do vinte e cinco ou trinta e un de decembro, este xigante santo e de oficio carboeiro, abandonaba as altas devesas onde vivía e baixaba ás aldeas para entrar sibilosamente no cuarto dos máis pequenos. Despois de palparlles a barriga con sumo coidado (daí o seu nome de Palpador) e comprobar que estaban ben alimentados, desexáballes que o ano vindeiro non pasasen fame e como agasallo de nadal deixáballes un bo puñado de castañas asadas (O Apalpador era home sabio e non ignoraba que naqueles tempos -XIX e principios do XX- a castaña en Galicia era un alimento moi prezado).



Montse Groba

CONTO: *"A NOITE DE SAM-AÍN"*

Erase unha vez uns nenos que foron a un campamento e pola noite saíron das tendas e foron a dar un paseo, desupeto encontráronse con unhas cabazas que tiñan unhas velas dentro e asustáronse moito porque tiñan unhas luces de cores e tamen con pantasma, morcegos e bruxas, os monitores do campamento estaban moi moi preocupados e foron a buscalos e non os atopaban, xa non sabían que facer enton chamaron ós pais e non collían o teléfono seguiron buscando ata que os atoparon, estaban coas bruxas, os monitores enfadáronse moito e volveron a chamar a os pais e esta vez si lle colleron o teléfono, non sabían que decirlle, dixeronlle que chamaran por equivocación e volveron as tendas onde estaban todos e deronlle abrazos e bicos, viñeron os pais dos nenos a buscalos e cada un marchou para a súa casa




Lucía Novas e Beza Carballido

O 30 DE XANEIRO CELEBRASE O DÍA DA



O Día Escolar da Non-violencia e a Paz (DENIP) foi declarado por primeira vez en 1964. Xurde dunha iniciativa pioneira, non governamental, independente, e voluntaria de Educación Non-violenta e Pacificadora do profesor español Llorenç Vidal. O seu obxectivo é a educación en e para a tolerancia, a solidariedade, a concordia, o respecto os Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz. Neste día, os colexios e centros convértese en instrumentos de paz e entendemento entre persoas de distinta formación, raza, cultura e relixión. O día 30 de Xaneiro conmemórase ademais a morte do líder nacional e espiritual da India, o Mahatma Gandhi, o 30 de Xaneiro de 1948. Non habemos de esquecer que a escola é un reflexo dunha sociedade coa que comparte defectos, pero nela tamén se educa para a vida e búscase desenvolver nos alumnos as capacidades e competencias necesarias para unha participación social activa.

Por todo iso, debemos de contribuír, a través da educación, á concienciación de todos na construción dun mundo mellor, un mundo máis xusto e máis humano que permita que todos os individuos teñan a mesma oportunidade de desenvolver plenamente as súas facultades no seo dunha sociedade democrática, libre, xusta, responsable e en paz.



Caty Carballido

O DIA DA MULLER TRABALLADORA. ¿ CANDO SE CELEBRA?

Este acontecemento conmemórase o 8 de marzo. Esta é unha celebración que as Nacións Unidas declararon no ano 1978, pero que ten a súa orixe no ano 1908 en Nova York.

A inicios do século XX, moitas mulleres comezaron a traballar en fábricas nunhas condicións moi duras:

-Xornadas laborais longuísimas, de 12 horas ou máis.

-Recibindo salarios inferiores ós homes.

Pero, pouco a pouco, resultaba máis evidente que aquela situación non era xusta e comezaron a organizarse.

O 8 de marzo de 1908 na fábrica textil “Cotton” de Nova York, as traballadoras encerráronse no interior desta para pedir que lles reducisen a súa xornada laboral. Os propietarios decidiron incendiar o edificio para que saisen, pero o que conseguiron foi 129 traballadoras mortas.

Hoxe en día continúa a loita pola igualdade entre homes e mulleres.

O día da muller traballadora celébrase en homenaxe a todas as mulleres que traballan tanto dentro como fóra da casa, ás que traballan no fogar porque a maioría das veces o seu traballo non é recoñecido nin valorado e ás que traballan fóra, moitas tamén o fan dentro, porque as diferencias de emprego fronte ós homes, tanto na importancia como nos salarios, son moi notables.

En España o paro feminino dobra ó masculino, os salarios dos homes fronte ós das mulleres, estando no mesmo posto, son moito maiores na maioría dos casos.

Por iso a finalidade deste día é recoñecer e axudar a valorar o traballo de todas as mulleres independentemente da tarefa que realicen e seguir loitando pola igualdade, de modo que tanto as ventaxas como os inconvenientes sexan iguais en ambos sexos.



Caty Carballido

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014 “XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO”



O "Día das Letras Galegas" celébrase todos os anos o 17

de Maio.

A celebración desta xornada débese a que o 17 de Maio de 1863, se publicou Na habana o primeiro exemplar da obra "Cantares Galegos", de Rosalía de Castro, que marcaría o inicio do "Rexurdimento" ou renacemento cultural do galego. Esta celebración está instituída dende 1963 pola "Real Academia Galega" para homenaxear aquelas persoas que destacaron pola súa creación literaria en idioma galego ou pola súa defensa da devandita lingua.

Cada ano dedícase a unha personalidade diferente, escollida pola Real Academia Galega.

Xosé María Díaz Castro, autor dun único poemario, 'Nimbos', foi o elixido finalmente pola Real Academia Galega (RAG) para ser o homenaxeado do 17 de maio do ano 2014.

O seu nome era o que viña soando con forza nos últimos meses, dentro dunha pugna na que estaban incluídos Ricardo Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde e Fiz Vergara Vilariño.

O poeta faleceu en Lugo en 1990, aínda que nacera en Guitiriz en 1914. Por iso, foi unha asociación guitiricense, Xermolos, unha das que promoveu a

candidatura deste autor da chamada xeración de 1936. A alma máter desta agrupación cultural, Alfonso Blanco, foi o gañador do premio de ensaio Ánxel Fole o ano en que foi adicado ao autor de Nimbos, en 1995. Formado no seminario de Mondoñedo (Lugo), aínda que non chegou a ordenarse, a súa poética clásica reflexiona sobre a existencia do ser humano, a relixión e a natureza. Díaz Castro abandonou o seminario en 1936, meses antes do comezo da Guerra Civil, e pasou a exercer entón como profesor de Ensino Medio en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Posteriormente licenciouse en Filosofía e Letras e en 1948 trasladouse a Madrid, onde seguiu dando clases e desenvolveu tamén un intenso labor como tradutor.

Consagraríase como poeta en 1961 coa publicación de Nimbos, unha obra de madurez, e que con pouco máis dun medio século ás súas costas xa está considerado un libro clásico da poesía galega.

Caty Carballido

Actividades realizadas

O 23 de Setembro fomos a mallar o centeo a Pedra da auga e despois o grupo de baile “San Martiño” xunto cos máis cativos do barrio e un gaiteiro que se achegou para a ocasión ofrecéronos uns bailes nos muiños ó lado do furancho.

O Sábado 9 de Novembro celebramos a festa de san Martiño. Desta volta houbo castañas e viño gratis e algún que outro manxar para comer. A festa estivo amenizada polas orquestas Salsa Rosa e Fín de Siglo e aínda que o tempo non axudou moito todo saiu bastante ben.

O 24 de Novembro celebramos a festa dos maiores, unha vez máis contamos coa actuación do grupo de baile “San Martiño”

O Domingo 22 de Decembro celebramos como cada ano o Festival de Nadal. Agradecer de forma especial ó público a compra de rifas para o sorteo do xamón.